

**EN BRANCO  
E NEGRO**

Pere Tobaruela



BAÍA EDICIÓNS

## 1. *A casa dos vestidos*

Agora hai un ano e medio, a principios de marzo, vin a Manuel por primeira vez. Foron encontros casuais. Uso o plural porque coincidimos o mesmo día en dous lugares diferentes: nun bar pola mañá e despois, á noite, nunha tenda. Héctor, o director do diario en que traballo, *Coses Nostres*, encargárame que lle dedicase o meu artigo de opinión a un tal Jesús Rovira, residente en Martorell e que, daquela, acababa de facer cen anos.

De camiño cara á casa do señor Rovira, mentres conducía, observei que os cumes de Montserrat estaban nevados. Ao baixar do coche, recibíume un vento xélido. Ía frío en Martorell, pero a visión da montaña de Montserrat nevada era magnífica. Entrei nun bar que hai na Plaça del Portal d’Anoia, no centro da vila. Sentado nunha mesa estaba Manuel –aínda que claro, eu daquela non sabía que se chamaba Manuel–. No local non había ninguén máis: nin clientes nin tampouco camareiro ningún.

—Pere saíu un momento –advertíume Manuel cun sorriso amplo ao ver a miña cara dubitativa.

Os seus dentes, branquísimos, contrastaban coa cor negra da súa pel.

Pregunteille onde quedaba o Carreró de les Flors. Manuel dubidou uns segundos. Finalmente, indicoume como chegar. Agradecinllo e fun cara á porta do bar. Mais, apenas dera dous pasos, mirei para atrás. Manuel dedicoume outro sorriso. Eu fixenlle adeus coa man e saín á rúa camiño da casa de Jesús Rovira.

Cheguei media hora tarde á cita.

—Non se preocupe, muller. Non temos que ser tan escravos do reloxero —díxome Jesús Rovira cando lle pedín desculpas polo atraso.

O señor Rovira non aparentaba a idade que tiña. Os seus movementos non eran os que se poden esperar dun corpo xa centenario. Todo o contrario: aquel home desprendía frescura e vitalidade.

Instalámonos nunha salina acolledora.

—Nunca vira Montserrat con neve —díxenlle mentres achegaba as miñas mans conxeladas á estufa que tiña a carón.

—Cando abro a xanela vexo Montserrat. Pola mañá, baixo o ceo claro e o aire límpido, a montaña débuxase dunha maneira precisa e exacta. Non hai ningunha vila de Cataluña que, se abrides a xanela, vos presente Montserrat como servida nunha bandexa. Á tardiña, sobre a luz dourada, mórbida, a montaña parece como se flotase suspendida nun halo malva e violeta, lixeiramente bañado de zume de laranxa. A configuración, debuxada de perfil sobre o sol moribundo, parece exhalar un vapor incandescente, un bafo incendiado.

Teño que recoñecer que me sorprendeu esta maneira de expresarse de Jesús Rovira. El deuse de conta.

—Que lle pareceu? —preguntoume—. Trátase dun fragmento dun texto que Josep Pla escribiu con motivo dunha visita a Martorell.

Jesús Rovira recitou de memoria aquel fragmento. E estou convencida de que non se equivocou nin en unha coma. Quedaba claro que, ademais do seu aspecto físico tan saudable, a súa capacidade mental era excelente.

O señor Rovira, segundo el mesmo me explicou, fora xastre. Herdou o negocio do pai. Pero como non tivo fillos, malia que estivera casado, cando decidiu que xa era hora de xubilarse, a prestixiosa xastrería martorellenca *A Casa dos Vestidos*, situada na Plaça de les Hores, pechou portas.

—O propósito da miña visita, tal como lle comentei por teléfono, é facerlle unha entrevista. Pero non teño ningunha intención de abafalo con moitas preguntas. Prefiro que vostede, ao fío dos seus recordos, nunca mellor dito —chanceei—, explique aquilo que considere máis significativo da súa vida.

O vello xastre mirábame en fite. Era unha ollada profunda, escrutadora pero sen pretensión de intimidar.

Tardou un intre en empezar a contarme cousas do seu itinerario vital. Mais aquel silencio non foi nada incómodo. A miña atención, á espera das súas palabras, concentrouse nas miñas propias mans. Queimábanme. Reaccionaran ao estímulo calorífico da estufa.

—Se mo din, non o acredito. Cen anos, xa!... Por favor, lémbreme o seu nome.

—Sara. Sara Martí.

—Josep Pla é un dos meus escritores favoritos. Penso que soubo retratar o noso país e a sociedade da súa época cunha precisión milimétrica. E, sobre todo, cunha sinceridade que

incomoda a máis de un. Unha sinceridade que a miúdo se interpretou, erroneamente ao meu parecer, como realismo... Pero, desculpe, non a quería aburrir con lerias deste tipo...

—Para nada... Fale sobre o que lle apeteza. Durante as entrevistas nunca sigo un guión.

—A memoria é selectiva. Demasiado. Como llo diría?... Sempre vai directa ás vivencias máis intensas... Ou quizais estea trabucado... Non sei se sería mellor... Está ben, falarei dos meus recordos máis vivos...

Ao empezar a falar de si mesmo, as palabras de Jesús Rovira non eran tan precisas coma cando recitara a Josep Pla. Parecía como se, repentinamente, non soubese expresarse con claridade. Mais só foi un momento: o vello xastre soubo reconducir a situación. E a súa locuacidade volveu facer acto de presenza.

—Mire, eu quérolle moito a Martorell. E tiven que marchar á forza. Botei cinco anos fóra da vila. A maldita guerra civil, xa o pode imaxinar. Non quería ser recorrente, pero, para min, aquela época foi moi significativa. Pola xastrería pasaba todo tipo de xente... Perdoe, non lle ofrecín nada —interrompeu a súa charla Jesús Rovira antes de preguntarme se gustaba dun té—. Neste barrio hai algunhas tendas rexentadas por inmigrantes. A Saíd, un bo amigo de orixe alxeriana, aluguelle o local onde tiña a xastrería. É boa xente. Cada mes regálame un paquete de té verde. Atópoo magnífico. Tómoo con menta, seguindo as súas instrucións. Quere probalo?

Aceptei a oferta. Daquela, o vello xastre foi ata a cociña, que estaba situada na outra banda da casa. Sentín a súa voz de lonxe, a través do longo corredor que comunicaba todos os cuartos. Díxome algo que non cheguei a entender. Volveu

axiña, cunha bandexa de prata. Traía dúas cuncas de porcelana chinesa e unha teteira tamén de prata.

—Aquí ten. Coidado porque aínda está moi quente —advertíume ao servirme té nunha daquelas cuncas decoradas con figuras femininas—. Quere azucre?

—Unha culleradiña, por favor.

—Eu non lle poño. Atopo excelente o sabor amargo deste té mesturado coa menta... Quedáramos na guerra civil, non si? —Xesús Rovira sorriu. Eu díxenlle que si—. A guerra civil. Aquel foi un período difícil para moita xente. Eu non tiven que alistarme no exército republicano porque era útil na miña xastrería... Traballaba día e noite facendo encargos para as mulleres de militares e personaxes relevantes, xa sabes o que quero dicir... Supoño que podo falarche de ti? Es tan nova... e guapa.

Rin timidamente. Xesús Rovira fixo unha pausa para tomar un grolo de té.

—Non o podo negar, pola *Casa dos Vestidos* pasou algún que outro membro destacado do goberno —proseguiu—. As novas da inminente chegada das tropas franquistas a Cataluña foron, logo, un mal agoiro para os que colaboráramos, se se pode dicir así, co bando republicano. E eu tiven medo dunha posible represalia. Así que, sen pensalo dúas veces, a miña muller e mais eu emprendemos o camiño do exilio. A viaxe ata Francia foi durísima. Fixémola nunhas condicións físicas máis que deplorables, con continuos ataques da aviación alemá: cando sentíamos o zunido dos avións, fuxíamos como coellos espavorecidos. Apenas chegamos á fronteira, os soldados franceses detivéronnos. Separáronnos, á miña muller e a min.

Jesús Rovira apurou o té.

—A min leváronme a un campo de prisioneiros improvisado na praia de Saint Pierre —continuou despois de deixar a cunca na bandexa de prata—. Milleiros de soldados e civís en moi pouco espazo. Cada un de nós dispuña de un metro cadrado de area. E non era tan só iso: todos iamos facer as nosas necesidades nunha zona da praia, preto da beira. Entre tanta merda o máis difícil era decidir onde puñas os pés. Máis dunha vez perdín o equilibrio... Perdoa que sexa tan escatolóxico, pero estou axustándome á realidade dos feitos... Pasei un par de semanas soportando aquelas condicións: durmindo á intemperie, sen poder moverme, alimentándome a base de pan duro. As autoridades de Saint Pierre decidiron, por fin, construír unhas barracas. Catro madeiras mal postas. Está claro, a nós aquelas barracas parecéronnos verdadeiros palacios... Pero, a pesar de todo, a miña única preocupación era volver ver a Núria. A miña muller chamábase Núria...

Neste punto da explicación, Jesús Rovira preguntoume se quería máis té. Movín a cabeza afirmativamente e o vello xastre foi de novo ata a cociña. Pasados cinco minutos estaba de volta. Serviume té. El tamén se serviu. Non fixo falla que lle formulase ningunha pregunta para que continuase co seu relato.

—Durmín tres noites naquelas barracas. A mañá do cuarto día trasladáronme á prisión de Biarritz, e máis tarde en Bordeos, á prisión de Fort du Hâ. Estabamos en celas pequenas e cada quen tiña que pórse no chan alá onde boamente puidese. En Fort du Hâ, un día dixéronnos que tiñamos que marchar. Veunos buscar a SS, que nos levaron a Compiègne, ao norte de París. Desde este campo de prisioneiros distri-

buían a xente en campos de concentración: Mauthausen, Buchenwald, Dachau, Sachsenhausen... Máis que campos de concentración habería que dicir que eran campos de exterminio. En Mauthausen morreron dez mil españois asasinados –Xesús Rovira tusiú un pouco–. En Compiègne empezou o meu camiño da morte. Desde alí trasladáronme a Buchenwald. Leváronnos nun tren de mercadorías, nuns vagóns onde metían polo menos a cen persoas, a patadas, tratándoas como lixo. Desta maneira, pechados hermeticamente e sen poder case respirar, comezou a nosa viaxe. Todo o mundo se queixaba, naquel estado non podíamos aguantar moito tempo. Os franceses, que eran maioría, propuxeron facer algo para que aquela situación fose máis soportable, pero aquilo quedou en nada. Había outros que rezaban, mais as divindades non nos querían axudar. Pasaba o tempo e chegaba a desesperación e a intuición dun final trágico. Cada quen facía o que podía. Recordo que, o primeiro día de viaxe, un SS descubriu un buraco nun vagón. Fixeron parar o tren de súpeto e entraron nos vagóns como feras salvaxes. Malláronnos sen mirar onde golpeaban... Ao cabo, preguntaron quen fixera o buraco, e engadiron que se non saía ninguén nos fusilarían a todos. Saíron tres franceses e matáronos alá mesmo. Foi no medio da escuridade, nun bosque. Despois de fusilalos fixéronnos baixar a todos dos vagóns, a golpes de fusil, e ordenáronnos espirnos... Completamente nus e pasando un frío terrible, estivemos non sei canto tempo agardando ata que nos fixeron subir a outro vagón, completamente pechado e con palla polo chan. Retomamos camiño, cara ao nordeste. Chegamos á estación dunha cidade alemá, cuxo nome non me acorda. O tren parou e de socato abríronnos as portas;

atopámonos no medio e medio dunhas plataformas ateigadas de xente que, aínda non entendo por que, nos insultou e se riu de nós. A viaxe continuou e sen comer nada, só nos deron un pouco de líquido quente, case mortos e abondo desesperados chegamos a Buchenwald.

—Estivo ata o final da guerra en Buchenwald? Daquela tivo algunha nova da súa muller? —atrevínme a preguntar, cun fio de voz.

—Desde que nos separaron na fronteira, nunca máis volvíñ saber nada de Núria. E resulta que, unha vez acabado aquel horror, souben que coincidíramos en Buchenwald. Ela morreu gaseada. Asasinárona os cabróns!... A min trasladáronme a Dora. En Buchenwald dicíase que ir a estoutro campo era ir a unha morte segura. Con estas perspectivas chego a Dora, onde había un túnel enorme no cerne da montaña: os alemáns construían as bombas voadoras V1 e V2, coas que Hitler esperaba gañar a guerra. En Dora pasei moito tempo e vin cousas horribles: fame, morte, sucidade, máis morte... O máis terrible era cando, despois de pasar todo o día traballando como escravos, chamaban a moitos prisioneiros e colgábanos diante de todo o mundo. Aos outros faciánnos estar de pé, formados, nun silencio absoluto, mirando como agonizaban aqueles infelices aos que o azar reservara aquel destino. Era horroroso. Non comprendo nin comprendín nunca como se pode chegar a actuar así cun conxénere. Negábannolo todo: sentimentos, familia, dignidade. Pero, por sorte, naquel inferno tamén tiven a ocasión de atopar boas persoas, que estaban en contra do sistema e daquela barbarie, pero que, polas circunstancias en que nos encontrabamos, non tiñan outra alternativa que calar e intentar sobrevivir.

Había un medo terrible. A xente vía saír o fume polas chemineas dos crematorios, pero tiñan medo e calaban.

Jesús Rovira deixou a cunca na bandexa. Tivéraa todo o tempo na man e non tomara nin un grollo de té. Eu tampouco.

—Despois de Dora, onde quen se salvaba era por pura casualidade, trouxéronme, nunhas pésimas condicións, a Bergen-Belsen. O traslado foi horrible; sen comer nada, só nos daban auga. Moitos, loxicamente, non o puideron resistir e morreron. Ao chegar a Bergen-Belsen aquilo xa foi o caos, un verdadeiro inferno. Pecháronnos nunhas barracas, e se probabas a saír disparaban con balas dum-dum, que eran explosivas. Foi entón cando apareceu o tifo e matou milleiros de deportados. Era a morte en vida... E como aquel quen non agarda nada, un bo día vin aparecer unha estrela no medio daquela desesperación. Unha estrela branca, a dun tanque dos aliados. Todo acabara!... Cando as tropas británicas do mariscal Montgomery liberaron o campo de Bergen-Belsen, atoparon un espectáculo monstruoso. A praza do campo ategada de mortos. A xente estaba desesperada buscando comida, arrastrándose entre os que agonizaban...

Jesús Rovira explicoume o seu regreso á casa. Decidiu volver a Martorell pasase o que pasase. Nun principio, os seus familiares dérono por desaparecido. De feito, uns amigos seus viran o seu nome na listaxe de mortos de Dora. Aqueles foron uns tempos de moita confusión.

—Despois daquela terrible experiencia: os campos de exterminio, a irreparable perda de Núría, pasei un ano enteiro desestabilizado emocionalmente. Aínda me preguntan se cheguei a esquecer todo aquilo. Eu sempre digo que a vida

segue. E tanto que segue! Hai uns anos lin unha autobiografía de Ernesto Sábato...

—Coñézoa —apuntei eu.

—O mundo está cheo de horrores —empezou a recitar Jesús Rovira, facendo outra demostración da súa portentosa memoria—, de traizóns, de envexas; desamparos, torturas e xenocidios. Pero tamén de paxaros que levantan o meu ánimo cando sinto os seus cantos, ao amencer; ou cando a miña vella gata dorme sobre os meus xeonllos; ou cando vexo a cor das flores, ás veces tan minúsculas que hai que miralas desde moi preto.

Despois de facer súas as palabras de Ernesto Sábato, o vello xastre calou. Eu mirei o reloxo nun aceno mecánico. Eran as nove menos cuarto. Decidín que chegara a hora de marchar.

—Pasa pola tenda de Saíd. A Plaça de les Hores está aquí mesmo. Compra un paquete de té verde —díxome Jesús Rovira na porta da súa casa—. Saíd pecha tarde. Dille que vas de parte miña.

Efectivamente, a pesar de que cando cheguei eran as nove pasadas, a tenda do alxeriano estaba aberta. E con xente a rebordar. Recoñecín a Manuel entre aquel xentío. El era o único negro que había no establecemento. Atopei o té. Collín un paquete e fun cara á caixa. Perdín de vista a Manuel. Saíd cobroume; non lle dixen que me enviara Jesús Rovira.

Saín da tenda do alxeriano sen volver ver a Manuel. Se son sincera, non me preocupeí moito de buscalo. A historia do vello xastre dábame tombos pola cabeza. Lera algo sobre os campos de exterminio nazis e outras barbaridades polo estilo, pero o testemuño de Jesús Rovira, explicado de ti a ti, traspasárame e ferírame o corazón.

## ***Goethe e un vello xastre***

A mediados do século XIX, Goethe, un dos grandes referentes da cultura occidental, e o seu secretario persoal, Eckermann, adoitaban pasear polas aforas de Weimar, unha cidade situada no centro de Alemaña. Durante estes paseos, rodeados por unha paisaxe boscosa, os dous personaxes falaban sobre cuestións relacionadas coa filosofía e o saber en xeral: matemáticas, historia, arte. Segundo din os especialistas na materia, aquelas conversas foron a semente de Fausto, considerada hoxe en día un compendio do pensamento moderno europeo.

Un século máis tarde, no mesmo escenario onde se inspirara o escritor alemán, levantouse un dos campos de exterminio máis terribles: Buchenwald. Precisamente, os nazis levaron a Buchenwald un dos protagonistas deste artigo: Jesús Rovira, o propietario da antiga xastrería martorellenca *A Casa dos Vestidos*.

Aquí e agora, non é a miña intención falar sobre a longa

vida –acaba de facer cen anos– de Jesús Rovira. Tan só me limitarei a incidir no punto en común que hai, ao meu parecer, entre Goethe e o vello xastre. Como apuntei algunhas liñas enriba, tanto un como outro estiveron en Buchenwald. Velaquí que, onde foron dilapidadas as ilusións de tantas persoas, a Goethe ocorréuselle a famosa frase: «*A humanidade acabará triunfante*». Por paradoxais que poidan parecer, así son as cousas.

Jesús Rovira é unha das poucas testemuñas vivas do horror dos campos de exterminio. Despois de coñecelo en persoa, estou segura de que, a pesar da súa horrenda experiencia, o vello xastre subscribiría as palabras de Goethe. Eu, en cambio, estou máis de acordo coa opinión do escritor romanés Eliezer Wiesel: «*Nos campos de exterminio nazis morreu o home e a idea de home*».

Sara Martí